

NOVA ESCOLA GALEGA E HENRIQUE ORTIZ premios Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra 2012.

O padroado da Fundación do Pedrón de Ouro, en reunión celebrada na casa da Curiscada de Arzúa o 24 de marzo acordou conceder o "Pedrón de Ouro 2012" ao colectivo pedagóxico organizado en NOVA ESCOLA GALEGA e O Pedrón de Honra, ao artista ourensán, membro do grupo Nova Estampa Galega, HENRIQUE ORTIZ.

Pedrón de Ouro: NOVA ESCOLA GALEGA

Recoñecemos en Nova Escola Galega a vontade continuada no tempo a prol da realización no día a día dunha educación ao servizo, en particular, da nenez e da mocidade da nosa nación; tanto, desde as aulas de educación infantil, como mesmo desde aulas universitarias, e tamén dende os diversos espazos de formación de sul ao norte e de oeste a leste, nas diversas direccións da nosa xeografía.

NOVA ESCOLA GALEGA vén promovendo unha educación alicerzada nas ideas da xustiza, da liberdade e da solidariedade, para formaren cidadáns e cidadás conscientes do País que habitan; conscientes da nosa lingua e cultura, o herdo que cómpre aloumiñar.

Os da NOVA ESCOLA GALEGA veñen procurando desde hai máis de tres décadas xerar de seguido renovadas prácticas e innovacións pedagóxicas. Son moitos os recursos e materiais didácticos que levan construíndo, os encontros de traballo e de formación para o profesorado, intervencións públicas en diversos foros e instancias, sempre da man da laboriosidade e da cooperación. Xunto á *Revista Galega de Educación* aí están tamén as variadas publicacións feitas polos seus asociados e asociadas en diversos soportes.

Ocúpaos a causa do idioma e do seu futuro e a do ensino público. Procuran unha educación democrática, inclusiva e laica.

PEDRÓN DE HONRA: HENRIQUE ORTIZ

O artista Henrique Ortíz (Ourense, 1934) desenvolve a súa traxectoria entre a súa cidade natal á que sempre estivo unido aínda vivindo en Madrid. Os primeiros pasos da súa formación artística descóbrense, nos anos corenta, na Escola de Belas Artes de San Fernando, onde recibe clases de debuxo, pintura e gravado, ampliando os seus estudos na Escola de Artes Gráficas madrileña e na Escola de Belas Artes de París.

Xa nos cincuenta coñece o que dende entón será un dos seus mellores amigos, Luís Seoane, que escribirá máis tarde recoñecidos eloxios da súa obra. Por estas datas comeza a súa actividade expositiva. En Madrid coincide nalgunha mostra colectiva con artistas da talla de Saura e Xenovés, pero será co pintor galego Reimundo Patiño co que manterá unha intensa colaboración, que frutificará en proxectos comúns, como a formación do grupo *El Quilombo*. Con el chega a compartir un taller que acabará sendo punto de reunión na capital de creadores galegos, como os poetas de *Brais Pinto*, Uxío Novoneira e Bernardino Graña.

En Galicia relaciónaselle cunha xeración de autores intelctualmente inquedados que se conforma na cidade das Burgas nos anos sesenta en torno á figura de Vicente Risco, o grupo de Os artistíñas. Deles, será con Xosé Luis de Dios con quen conservará durante décadas unha magnífica amizade. Por esas datas participa nunha exposición organizada por Luís Seoane en Montevideo do grupo *Estampa Popular Galega*.

A obra de Henrique Ortíz transcorre, substancialmente, unida a dúas prácticas, o debuxo e o gravado. A primeira desenvólvese, dentro a súa traxectoria, por un lado como entidade independente e por outro como base da súa pintura. Na segunda, a obra gráfica, o artista consolidouse como un dos referentes fundamentais da arte contemporánea no noso país. As técnicas da litografía e a serigrafía, en concreto, non teñen ningún segredo para el.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra e acto de entrega

O Pedrón de Ouro trata de sobrancear aquela personalidade ou entidade viva e residente en Galicia que máis se teña destacado na defensa e promoción das diversas facetas da cultura nacional ao longo do ano ou na traxectoria dunha vida.

Co Pedrón de Honra, a Fundación pretende distinguir a personalidade ou entidade viva, galega ou non, residente fóra da Terra que máis se destacase coas súas achegas ao engrandecemento da Nación e a súa Cultura.

O acto de entrega do Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra terá lugar o próximo 20 de maio nun acto literario que se celebrará na Casa Museo de Rosalía, en Padrón, ás 12,30 horas, no que actuará de mantedora a escritora Fina Casalderrey.